



Cpr “SAN JORGE”

15704 – Santiago

Telf./ Fax: 981-581398

Avda. de Coímbra, 24

colexiosanjorge@colexiosanjorge.com www.colexiosanjorge.com

PLAN DE IGUALDADE

COLEXIO SAN JORGE

INDICE:

1-INTRODUCCIÓN.....	3
2-CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
3-ANÁLISIS DA SITUACIÓN DO CENTRO.....	5
4-OBXECTIVOS COEDUCATIVOS.....	5
5-MEDIDAS DE ACTUACIÓN.....	6
5.1. A NIVEL DE CENTRO.....	6
5.2. A NIVEL DE AULA.....	7
5.3. A NIVEL DO ALUMNO.....	7
5.4. A NIVEL DE FAMILIA.....	8
6-SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	8

1-INTRODUCCIÓN

As conductas sociais confórmanse nos diferentes ámbitos e espazos: a escola, a familia, os medios de comunicación... Ao longo deste proceso de socialización e a través das diferentes etapas, os nenos e as nenas, despois adolescentes, van asumindo diferentes roles e valores que potencian o desenvolvemento de distintas capacidades en función do sexo.

O sistema educativo debe contribuir a eliminar os estereotipos sociais relativos ao rol de mulleres e homes permitindo un desenvolvemento máis equilibrado e libre da personalidade, así como o acceso as mesmas oportunidades, axudando a crear relación entre os sexos baseados no respecto e impulsando a participación de homes e mulleres en todos os espazos da sociedade.

A escola é formadora en actitudes de nenos e nenas e ofrece una plataforma excelente para a superación de prexuízos sexistas e para lograr un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables. Evitando así estereotipos sexistas.

O Plan de Igualdade pretende educar na igualdade, axudar ao alumnado a crecer como persoas, a desenvolver uns valores básicos e obter un equilibrio no seu desenvolvemento persoal e adquisición das competencias básicas para facilitar a integración social.

2-CONTEXTUALIZACIÓN

O noso Centro está situado nunha zoa urbana de Santiago de Compostela e consta de:

- Tres aulas de Educación Infantil
- Seis aulas de Educación Primaria
- Dous aulas de Educación Especial

No noso Proxecto Educativo de Centro inclúese como obxectivo a coeducación, o que se contempla como practicar una educación para a igualdade, tratando de eliminar as actitudes sexistas, as discriminación e as diferenciacións de roles entre homes e mulleres a través da elaboración dun programa para a igualdade.

No Plan de Orientación do Centro contéplase o obxectivo de axudar aos procesos de desenrolo persoal, adquisición da propia identidade e sistema de valores.

No Plan de Convivencia propóñense obxectivos para fomentar valores, e actitudes e prácticas que permitan mellorar o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Formar aos alumnos na convivencia e no respecto as diferenzas.

Implicar as familias na consecución destes obxectivos a través de diferentes actividades programadas en diversas celebracións.

Dende o Departamento de Orientación activar o protocolo en casos de identidade de xénero.

3-ANALISE DA SITUACIÓN

No noso Centro observase que aínda existen actitudes e comportamentos no alumnado e na comunidade educativa en xeral, que indican que continua sendo educados en papeis tradicionais de home e muller, subsistindo deste xeito as conductas sexistas, por iso é importante o desenvolvemento deste Plan.

O Equipo Directivo e o profesorado presentan unha boa predisposición para o desenvolvemento deste proxecto, polo que é unha oportunidade de cambio.

4-OBJECTIVOS COEDUCATIVOS

- Eliminar os estereotipos de xénero, educando na diversidade.
- Potenciar os xogos cooperativos e os xoguetes non sexistas.
- Integrar a modo transversal en todas as áreas do curriculum a responsabilidade co traballo doméstico aclarando que este tamén se refire ao coidado dos maiores, menores e discapacitados.
- Favorecer a resolución de conflitos derivados das diferenzas de xénero, desenvolvendo a capacidade de diálogo.
- Analizar reflexiva e criticamente a linguaxe, asumindo outras alternativas para o seu uso evitando a desigualdade e afrontando unha linguaxe coeducativa.
- Implicar a comunidade educativa neste proxecto.
- Prevención, detección e intervención dende o Departamento de Orientación en casos de discriminación por identidade de xénero.

5-MEDIDAS DE ACTUACIÓN

A NIVEL DE CENTRO

- Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de dirección do Centro.
- Promover a formación en coeducación, prevención de violencia de xénero e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Previr e actuar contra a violencia de xenero dende o Centro escolar.
- Promover que os libros de texto e materiais educativos das aulas e da biblioteca do Centro defendan os criterios de igualdade e non discriminación, incorporando a visión e as aportacións das mulleres en todos os contidos escolares e académicos.
- Implementar a coeducación en proxectos educativos do Centro e promover a inclusión de contados e actividades específicas, adaptadas a cada curso, sobre o significado e alcance da igualdade entre homes e mulleres.
- Eliminar o uso da lingua sexista.
- Concienciar ao profesorado, familia e comunidade educativa da importancia de educar en igualdade.
- Nomear no Consello Escolar una persoa responsable en materia de igualdade que favoreza o cumprimento deste Plan: a orientadora do Centro, Concepción Fdez Mrtz
- Celebración das datas relevantes coeducativas do Calendario Escolar:
 - 25 de novembro, Día contra a Violencia de Xénero.
 - 30 de xaneiro, Día da Paz e a non violencia.
 - 8 de marzo, Día da Muller.
 - 2 de maio, Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- Realizaranse actividades próximas ás datas das Celebracións Internacionais pola igualdade de trato e non discriminación de LGTBI, para integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual.

A NIVEL DE AULA

- Asegurar que os recursos e materiais didácticos non representan actitudes ou roles tradicionais de ambos sexos, tanto en imaxes coma en textos escritos.
- Cuidar que a utilización do espazo, tanto na aula coma nos espazos común, sexa equitativa para alumnos e alumnas.
- Contribución da comunidade educativa para que o alumno adquira os coñecementos e habilidades necesarias para responder as responsabilidades familiares e coidado das persoas.
- Incluir contados e actividades dirixidas a visibilizar a contribución das mulleres ao desenvolvemento da nosa sociedade.
- Resolver conflitos a través do Plan de Convivencia.

A NIVEL DO ALUMNADO

- Visualizar as diferenzas entre nenos e as nenas para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminación que se poidan producir.
- Visibilizar a contribución das mulleres a través da súa contribución ao desenvolvemento das sociedades, valorando o traballo que tradicionalmente realizaron.
- Non permitir ao alumnado agresión e violencia por razón de sexo en expresión, comportamentos e actitudes.
- Favorecer o traballo cooperativo e o comportamento solidario.
- Promover estratexias de resolución de conflitos non violentas.
- Facilitar o diálogo e a comunicación.

A NIVEL DE FAMILIA

- Dende a escola debemos seguir promovendo o diálogo coas familias sobre a educación en valores dos seus fillos/as.
- Colaboración coas familias na promoción do reparto das responsabilidades domésticas nas familias.

6-SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para asegurar o éxito deste Plan poñeremos en marcha mecanismos de seguimento das actuación e medidas que o desenrolan.

Trátase de una avaliación que é un exercicio de responsabilidade individual e tamén colectiva, que implica un proceso de reflexión e análise sobre as actuación que se van desenrolando e sobre o resultado das mesmas. Pero, tamén, é una avaliación que estimula a participación de todas as persoas implicadas no desenrolo do Plan.

Utilizaremos una avaliacion continua e formativa. O seguimento do Plan será trimestral, coincidindo coas avaliacións do alumnado e da práctica docente e concretarase na Memoria Final do curso.

Avaliaranse as actuación, alumnado, profesorado, implicación das familias, tendo en conta os seguintes aspectos:

- Nivel de consecución dos obxectivos.
- Dinámica de traballo.
- Grao de incidencia na aula e no Centro.
- Materiais elaborados e utilizados.
- Problemas detectados.
- Valoración global do traballo realizado.

Indicadores de éxito. Avaliación da tarefa

A tarefa terá éxito si:

- A participación e implicación do alumnado e do profesorado foi boa.

- Se a dinámica de grupos foi fluida e cooperativa.

- Se o grado de autonomía dos grupos e os materiais elaborados foron de calidade e libre de sesgos sexistas.

- Se as controversias conceptuais e a reflexión colectiva e individual sobre o tema aportaron valores de equidade e xustiza social.

- Si se utilizou una linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuízos.

Se o ambiente favoreceu a expresión sá e libre dos sentimentos.